

Información sobre a Comisión de Persoal do día 12-12-2005.

No Salón de Actos nº 2 de San Caetano celebrouse a Comisión de Persoal.

- O tema central da orde do día consistía na aprobación do novo Decreto para a cobertura temporal de postos de traballo. Por parte da Administración presentáronse dúas propostas:
 - 1) A proposta A) coincidía coa presentada na anterior xuntanza da Mesa Xeral de Negociación.
 - 2) A proposta B) presentábase tan só para o suposto de que houboese acordo coas centrais sindicais no texto.

Esta proposta mantiña a non valoración de cursos de formación como mérito para as listas. A valoración dos cursos supoñía, na proposta sindical un máximo dun 6% de valoración do total dos méritos, e sen embargo, complicaba enormemente a xestión das listas (90% da carga de traballo das comisións de valoración, provocando ademais inseguridade xurídica, o ser difícil determinar a adecuación entre cursos e categoría).

Tan só o sindicato CIG, inda que mantendo a súa discrepancia no tema dos cursos votou a favor desta segunda proposta, que mantendo a non valoración dos cursos si inclúe dúas alegacións efectuadas por tódalas centrais sindicais:

- a) A rebaixa da suspensión do chamamento, de un ano a catro meses, coincidindo co período mínimo de cobro da prestación de desemprego.
 - b) Mantemento de chamamentos mediante correo con acuse de recibo nos supostos de vacantes previsible.
- En atención ao voto favorable do sindicato con máis representatividade dos que teñen representación na Mesa Xeral, así como a colaboración prestada na redacción do proxecto por parte de todas as centrais sindicais, a administración decidiu elevar ó Consello da Xunta de Galicia o texto da proposta B), a pesares das vantaxes que dende o punto de vista da xestión suporía a proposta A).